



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

Modelo Clave 230.114.0

COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTO DE USO DO SOLO/ SUBSOLO NON SUXEITO A LICENZA URBANÍSTICA MUNICIPAL, CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE CANALIZACIÓN DE AUGA CRUZANDO PISTA E/OU AO LONGO DA MESMA, COMO OBRA DE SIMPLE CONSERVACIÓN, ORNATO, HIXIENE, SEGURIDADE, FUNCIONALIDADE E/OU MANTEMENTO DO USO PREEXISTENTE, CONFORME AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (B.O.P. Nº 171/2013, DO 6 DE SETEMBRO).

NOME E APELIDOS; RAZÓN SOCIAL:

DNI/ NIF/ CIF:

ENDEREZO:

C.P.:

TFNO.:

CORREO ELECTRÓNICO:

FAX:

Perante ese Concello comparece e DÍ:

Primeiro.- que, de conformidade co disposto na Disposición Final Terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, modificatoria da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, manifesta a súa intención de levar a cabo o acto de uso do solo/subsolo non suxeito a licenza urbanística municipal, consistente na realización de:

Descrición detallada:

Radicación:

Finca catastral nº

Finca rexistral nº

Orzamento

euros.

Segundo.- que, coñece e cumpre cos requisitos establecidos na normativa urbanística e sectorial vixente (co compromiso de adoptar as medidas correctoras legal e regulamentariamente exigibles, así como de acomodarse continuamente á observancia das exigencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, así como á obtención das autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios). Que, coñece as normas de aplicación directa establecidas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente, as referidas á *adaptación ao medio ambiente* (art. 104). E que, coñece as *condicións das obras en relación coas vías públicas*, as condicións xerais de estética e integración ambiental, así como as referidas ao *valado das obras*, previstas nos arts. 36, 39 e 107 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Terceiro.- que, coñece o seguinte *condicionado específico* ao que deberá de axustarse esta obra:

A reposición do pavimento da calzada farase nas mesmas condicións que o existente. A parte superior da canalización quedará situada a unha profundidade mínima de 1 m. dende a rasante da calzada/foxo. De levar pozos de rexistro, as tapas que se sitúen na zona de circulación cumpriran coas Normas Europeas EN-124 para tapas de fundición dúctil e unha carga de rotura de 40 T. As arquetas e rexistros quedarán situadas de xeito que non impidan o paso das conducións dos servizos existentes e de futura construción, non podendo sobreparar, en ningún caso, a rasante do firme da calzada.

A colocación da tubería polo foxo do camiño profundizarase como mínimo 1 metro, dende a parte inferior do foxo, debendo macizarse a tubería cunha capa de formigón de 10 cm. de espesor como mínimo, debendo queda-lo firme e o foxo nas mesmas condicións que antes de executarse a obra.

Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e portos (PG-3). A apertura da gabia nas interseccións de calzada farase en dúas metades de sección transversal de xeito que, en ningún

momento, se interrompa o tráfico. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordos da capa de aglomerado cunha serra circular metálica.

Durante a execución das obras colocaranse os sinais de acordo co Regulamento Xeral de Circulación (durante as horas nocturnas dispoñerán de elementos luminosos). Na zona de dominio público da estrada non se depositarán materiais nin entullos de natureza ningunha, nin se estacionará maquinaria. O pavimento da estrada manterase limpo de barro, terra e materiais estranos á mesma en todo momento.

Serán de conta do/a autorizado/a todos os gastos de reparación de danos e prexuízos producidos polas obras que se comunican, e que se poidan producir na zona de dominio público da estrada e terreos anexos a esta.

Antes de comezar as obras constituirá na Tesourería Municipal unha fianza por importe suficiente para garantir os posibles danos que a execución das obras ocasionen nos servizos urbanísticos. A devandita fianza se lle devolverá tralo remate das obras, previo informe favorable da oficina técnica municipal.

A obra deberán de realizarse de tal xeito que se produzan os menores cortes de tráfico posible. Así mesmo a canalización realizarase, a poder ser, polo foxo do viario de tal xeito que a mesma se sitúe, como mínimo, a 1 metro de profundidade dende o punto de cota máis baixo do foxo. O viario público deberá quedar nas mesmas condicións que antes de realizarse a obra.

Cuarto.- que, dispón da documentación que así o acredita, xuntando a que de seguido se risca cun "X":

- descripción suficiente das características do acto de que se trate.
- plano de situación.
- xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- no seu caso, proxecto técnico esixible legalmente, e declaración do técnico facultativo que autorice o proxecto de que este cumpre coa ordenación urbanística de aplicación en todos os seus extremos.
- copia das restantes autorizacións e, no seu caso, concesións administrativas cando fosen legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.
- documento de avaliación ambiental, caso de requirila o uso ao que se destinen as obras.
- copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais, cando fosen legalmente esixibles.

Quinto.- que, coñece o réxime de prazos para a execución da obra obxecto desta comunicación previa:

- a) para o inicio das obras: máximo 6 meses, pero non antes de 15 días dende a presentación desta comunicación previa.
- b) para o remate das obras: máximo 3 anos.
- c) de interrupción das obras: máximo 6 meses.

Sesto.- que, antes de comezar a obra, coñece que deberá presentar perante o Concello a designación visada dun/a Coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante a execución da mesma, se na súa execución interviñese máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, ou diversos traballadores autónomos.

Sétimo.- (riscar cun "X" o que proceda) que, a obra:

- non ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade.
- ten por obxecto o desenvolvemento da actividade de, a cuio efecto xunta a documentación esixida polo art. 24.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia que, de seguido, se relaciona (riscar cun "X"):
 - o memoria explicativa da actividade, coa expresa manifestación do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
 - o xustificante de pagamento dos tributos municipais.
 - o declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercizo da actividade, e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
 - o proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
 - o a autorización ou declaración ambiental que proceda.
 - o as autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
 - o no seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013, do 19 de decembro.

; coñecendo que, ao remate da obra, deberá presentar unha comunicación previa para o inicio da actividade, de conformidade e nos termos contemplados no art. 24.2 da dita Lei 9/2013, do 19 de decembro.

Oitavo.- que, aos efectos do art. 71bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, manifesta baixo a súa responsabilidade (civil, penal e/ou administrativa, pola eventual inexactitude, falsedade ou omisión esencial en calquera dato, manifestación ou documento), que os datos declarados son certos.

En A Estrada, a.....de.....de 201....
(*sinatura*)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ESTRADA.